



Bo día,

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza organiza unha **xornada técnica para o intercambio de experiencias sobre Violencia de Xénero** entre Galicia e Norte de Portugal, dentro do proxecto 0101_GNP_AECT_1_E, que se desenvolve dentro do Programa Operativo de Cooperación Territorial España-Norte de Portugal e no que a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia está a participar como socia.

O proxecto 0101 GNP-AECT trata de avanzar na mellora da capacidade institucional e a eficiencia da administración pública, promovendo a mellora e eficacia de redes estables de cooperación transfronteiriza na loita contra a violencia de xénero, polo que o obxectivo xeral desta xornada é o de **ofrecer un espazo no que os axentes implicados na atención a mulleres vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas poidan poñer en común os seus recursos, pautas e protocolos de actuación.**

Para facilitar a asistencia de todo o persoal interesado, vaise desenvolver a mesma xornada nas 3 Eurociudades: Chaves-Verín, Salvaterra-Monçao e Tui-Valença.

As datas e sedes son as que seguen:

19 de Decembro. Tui - Valença. Edificio do Vale do Minho. Avda. Miguel Dantas, 69. Valença

20 de Decembro. Verín - Chaves. Sede da Eurocidade Chaves - Verín. Feces de Abaixo

23 de Decembro. Salvaterra – Monçao: Edificio da Casa do Viño. Salvaterra de Miño

Dada a importancia deste tema e a súa transcendencia, pregamos que fagan extensivo o convite a todas aquelas persoas da súa entidade ou doutras entidades para as que consideren pode ter interese. Xuntamos o programa, no que se especifican as mesas de traballo que se van desenvolver.

Para a coordinación das xornadas, imos necesitar confirmación das persoas interesadas en asistir, por cuestión de aforo, polo que agradeceríamos que remitan a esta dirección de correo electrónico os seguintes datos:

- Nome e apelidos da ou das persoas que asistirán.
- Institución, asociación ou centro no que traballa/n.
- Teléfono e dirección de correo electrónico.

Un saúdo e moitas grazas

Secretaría xeral da Igualdade

